

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 23 de abril de 2020**

Con data do vinte e tres de abril do ano dous mil vinte, ás dez horas e trinta minutos, réunese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Luz Doporto Real

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE ABRIL DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de abril de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 16 de abril de 2020, conforme co borrador

elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE TERMALISMO SOLIDARIO, DIRIXIDO AO PERSOAL SANITARIO, AO PERSOAL QUE DESENVOLVA O SEU TRABALLO EN CENTROS SANITARIOS, AO PERSOAL DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE, E AO PERSOAL DAS FORZAS ARMADAS.

- Seguindo as instrucións da Presidencia, pola Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense, procedeuse á redacción de bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións para o termalismo solidario da provincia de Ourense, destinadas ao descanso saudable e a recuperación física e psicolóxica, nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, do persoal pertencente ao sector sanitario, do persoal das Forzas e Corpos de Seguridade, e do persoal Forzas Armadas, todo elo como homenaxe a agradecemento pola seu traballo, dedicación e profesionalidade durante a duración do estado de alarma decretado no Estado, como consecuencia da pandemia do COVID-19.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o TERMALISMO SOLIDARIO DA PROVINCIA DE OURENSE, co seguinte contido:

Primeira. Obxecto.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión de subvencións pola Deputación de Ourense, destinadas ao descanso saudable e a recuperación física e psicolóxica, nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrencia non competitiva a través do procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes, e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Segunda. Relación dos programas de estancias e tratamentos subvencionados. Períodos de realización das estancias.

A través do procedemento regulado nas presentes bases, a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións para o programa denominado “**Termalismo Solidario**”, o cal abrangue dúas modalidades:

- A (estancias balnearias, con ou sen servizo de transporte en tren)
- B (tratamentos terapéuticos sen estancia)

A realización das estancias ou recepción dos tratamentos subvencionados a través deste programa terá lugar dende a semana seguinte a aquela en que se posibilite a apertura dos establecemento hoteleiros e balnearios, e ata o 15 de decembro de 2020, e sempre nas datas elixidas polas persoas solicitantes dentro períodos ofertados para cada programa.

Os períodos de realización das estancias iniciaranse sempre un luns, día de chegada, ata o sábado, día da saída.

Terceira. Descrición do Programa de Termalismo Solidario.

A. Estancias

A.1 Estancias balnearias: Nesta liña A.1 subvenciónanse as estancias das persoas beneficiarias nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 6 días de duración (5 noites) de luns a sábado (en réxime de habitación dobre compartida, sen prexuízo do previsto na base décima, apartado 4), con pensión completa (incluíndo nesta pensión completa a bebida), 10 técnicas balnearias, e posibilidade de revisión médica dos beneficiarios (sempre que o demanden).

A.2 Estancias Balnearias + Tren: Nesta liña A.2 subvencionaranse as estancias balnearias co contido previsto no apartado A.1, e ademais os/as beneficiarios/as da subvención disporán dos billetes de tren (ida e volta) dende algunha das “estacións termais” que participan neste programa, e que se refiren no convenio subscrito entre Deputación de Ourense e RENFE, ata a estación de Ourense. Os balnearios proporcionan servizos de traslado (ida e volta) dende a estación de Ourense ata os balnearios seleccionados, e rutas culturais.

A xestión da adquisición e posta a disposición dos billetes de tren, así como os traslados entre a estación e os balnearios e as rutas culturais que se propoñan en cada unha das semanas, serán responsabilidade do balneario no que o solicitante desexe gozar do programa, e non implican ningún gasto de xestión. O custo do billete, que será aboado pola persoa beneficiaria, incluírá a tarifa prevista por RENFE para este programa, e o importe aboado polo/a beneficiario/a en concepto de traslados e rutas culturais (estación de tren de

Ourense/balneario/estación de tren, rutas culturais), establecido polo balneario para este servizo.

A.3 Estancias balnearias con ou sen tren para grupos. Estas subvencións financiarán as estancias balnearias de grupos, en similares condicións que as previstas para os programas A.1 e A.2 (segundo inclúan ou non o transporte en tren). Para ter a consideración de grupos terán que cumprirse as seguintes condicións:

- a) Que agrupen, ó menos, a 20 persoas en concepto de solicitantes e/ou acompañantes.
- b) Que a solicitude deste programa sexa tramitada por unha entidade adherida ao programa segundo o previsto na base sexta.
- c) Que o grupo de solicitantes realicen un programa de estancias nun mesmo establecemento balneario e dentro da mesma quenda.

B.- Tratamentos Terapéuticos (sen estancia)

Os tratamentos terapéuticos sen estancia (reumatolóxico e respiratorio), inclúen, en todos os casos, consulta médica á chegada do/a beneficiario/a ao balneario.

Os tratamentos terapéuticos ofertados neste Programa poderán ser de:

- 35 técnicas balnearias repartida ao longo dun máximo de 15 días.
- 20 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 15 días.
- 10 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 10 días.

O prazo máximo no que se poderán recibir as técnicas balnearias se computa dende o primeiro día en que se comezan a recibir as técnicas.

Cuarta.- Réxime xeral dos servizos obxecto de subvención.

1. As subvencións reguladas na presente convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos balnearios sinalados nas presentes bases, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional e non previsto nestas bases para cada programa descrito que poida ser prestado polos establecementos aos/ás beneficiarios/as.

En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento das persoas afectadas, sen que de ningunha maneira se poida impoñer a súa recepción.

2. Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamento balneario serán prestados polos establecementos aos/ás usuarios/as con carácter de servizos privados, prestados conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso será parte na relación contractual entre as persoas beneficiarias e os establecementos.

Quinta.- Establecementos balnearios incluídos nos programas subvencionados.

1. Os establecementos balnearios onde se realizarán as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:

- Balneario –Hotel Baños de Molgas.
- Gran Balneario do Carballiño.
- Balneario Arnoia Caldaria.
- Balneario Laias Caldaria
- Balneario Lobios Caldaria.
- Balneario de Cortegada.
- Balneario de Caldas de Partovia.

2. Sen prexuízo do anterior, ao longo do exercicio 2020 poderán incorporarse outros establecementos balnearios da provincia de Ourense que ofrezan condicións semellantes ás definidas nas presentes bases e o soliciten de forma expresa. A inclusión de novos establecementos durante a vixencia do programa de subvencións regulada nas presentes bases farase pública oportunamente a través da sede electrónica da Deputación Provincial.

3. Os titulares dos establecementos balnearios incluídos no programa terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei xeral de subvencións, concretándose os seus dereitos e obrigas mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nas presentes bases. Entre outros aspectos, o convenio regulará as obrigas de xustificación das subvencións polos establecementos e a obriga de darlle publicidade á participación da Deputación no financiamento dos servizos prestados.

4. O tipo de tratamento ofertado dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ao establecemento.

5. Os prezos finais para as persoas solicitantes dos servizos de cada establecemento, logo da aplicación das subvencións previstas nestas bases, figuran na táboa anexa I.

6. A información detallada sobre as características dos establecementos , dos tratamentos ofertados e da existencia de oferta familiar dentro deste programa, estará dispoñible para consulta dos interesados, durante o prazo de formulación de solicitudes, na dirección electrónica seguinte: <http://termalismo.depourense.es>.

Sexta. Entidades beneficiarias adheridas.

As entidades públicas e as entidades privadas sen ánimo de lucro poderán adherirse ao programa de termalismo solidario regulado nas presentes bases co fin de facilitar o acceso ao programa ás persoas integrantes dos colectivos que constitúan o obxecto da súa actividade.

A adhesión destas entidades ao programa poderá realizarse mediante un acordo de adhesión que se poderán subscribir por calquera entidade pública ou privada sen ánimo de lucro.

Unha vez adheridas, estas entidades poderán solicitar, en beneficio das persoas ás que representen, as subvencións de calquera dos programas, para elo a Deputación asignaralles unha clave de acceso para a tramitación telemática das solicitudes.

Sétima. Beneficiarios das subvencións.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases as persoas físicas que reúnan os requisitos que se expresan a continuación:

a) Ser maior de 18 anos no ano 2020.

b) Pertencer algún dos colectivos seguintes:

a. Ser persoal laboral/funcionario/estatutario do sector sanitario.

b. Ser membro das Forzas e Corpos de Seguridade, segundo a definición contida no artigo 2 da Lei 2/1986 (Corpo Nacional de Policía, Garda Civil, Corpos de Policía dependentes das CCAA e Corpos de Policía dependentes das CCLL).

c. Ser membro das Forzas Armadas.

c) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios, así como cumprir as condicións que estableza o goberno por causa da COVID-19

d) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiario da subvención, como acompañante, calquera persoa maior de idade que desexe aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos acompañando a unha persoa que reúna os requisitos sinalados nos apartados a), b) ,c) e d), anteriores. Neste caso a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun solicitante que cumpra os ditos requisitos, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude.

Nos balnearios que fagan oferta familiar, poderá engadirse á solicitude un/unha menor de 12 anos por cada persoa solicitante que cumpran os requisitos anteriores, ou unha persoa de entre 12 e 18 no caso de solicitudes sen acompañante maior de idade. A persoa beneficiaria

principal e as acompañantes aloxaranse na mesma habitación. Os/as menores de idade non recibirán tratamentos balnearios en ningún caso.

2. A participación de acompañantes terá que ser pedida de forma conxunta coa do/a solicitante, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude. No caso de que a/o titular da solicitude renuncie ou cause baixa, automaticamente o dereito da/o acompañante decae, tendo neste caso que realizar unha nova solicitude se cumpren os requisitos que se establecen.

3. As persoas interesadas poderán acceder á condición de beneficiario/a solicitando as subvencións individualmente (ben sexa no seu propio nome ou mediante representante) de forma directa ou a través dunha entidade beneficiaria adherida.

4. O/As interesada/os unicamente poderán solicita-la concesión da subvención para un dos programas previstos. En consecuencia, non se admitirá a formulación de solicitudes para máis dunha modalidade ou programa.

Oitava. Disponibilidade orzamentarias.

O orzamento previsto para os programas regulados nestas bases é de 30.000,00€ (trinta mil euros), con cargo a partida orzamentaria: 31331 / 207000 dos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2020.

Novena.- Contía das subvencións e prezos dos servizos.

1. As subvencións terán os importes seguintes:

a) Programa de Termalismo Solidario .

60 euros por praza no Programa de Termalismo Solidario modalidades A.1 e A.2, se o solicitante está empadroadado nalgún municipio da provincia de Ourense .

20 euros por praza na modalidade de Programa de Termalismo Solidario , A.1, A.2, se o solicitante non está empadroadado nalgún municipio da provincia.

60 euros, por praza na modalidade A.3, naqueles casos no que se participe no programa dentro dun convenio suscrito cunha entidade adherida.

b) Programa de Termalismo Solidario: Tratamentos Terapéuticos sen Estancia.

80 euros por praza, cando o tratamento terapéutico sen estancia sexa de 35 técnicas ó longo de 15 días

50 euros por praza, cando se trate de tratamento terapéutico sen estancia de 20 técnicas termiais, ó longo de 15 días.

30 euros por praza, cando se trate dun tratamento de 10 técnicas termiais, ao longo de 10 días.

2. As subvencións recollidas no apartado anterior aplícanse sobre os prezos dos servizos ofertados polos establecementos para as persoas beneficiarias dos programas, determinado os prezos finais soportados polos/as usuarios/as, que figuran no anexo I destas bases.

Os prezos sinalados no anexo I son prezos finais, incluíndo o IVE actualmente vixente. Se no momento da facturación dos servizos correspondentes se modificase o IVE aplicable, o aumento ou redución do imposto repercutirase na persoa beneficiaria, incrementando ou reducindo a contía para pagar na cantidade que proceda.

Os prezos sinalados son pechados para todos os servizos incluídos en cada praza, sen que exista a posibilidade de efectuar dedución ningunha se por calquera causa a persoa participante non emprega todos ou algúns dos servizos ofertados.

3. A subvención da Deputación librarase directamente aos establecementos termiais colaboradores, tras a presentación previa ante a Deputación da xustificación conforme co establecido no convenio de colaboración cos establecementos balnearios.

Décima.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte dos beneficiarios.

1. As persoas beneficiarias aboarán o prezo das prazas da forma seguinte:

a) Previamente á formalización da solicitude de subvención e á súa presentación no Rexistro Xeral da Deputación, a/o interesada/o deberá autorizar ao establecemento balneario da súa elección a efectuar, con cargo a unha tarxeta de crédito, a realización dunha retención en garantía do pago da estancia ou tratamento.

b) No programa de Termalismo Solidario con Estancias Balnearias, a retención en garantía do pago poderá ser do 100% do prezo total ou dunha contía inferior, a elección da persoa solicitante. No caso de que a persoa solicitante desexe que se realice unha retención inferior en garantía de pago, será da contías seguintes:

- A1: 50 € en concepto de reserva de praza.

- A2: 100 € / 50 € segundo o programa de estancias + tren incorpore traxectos de longo percorrido ou non.

- A3: Sen tren, 50 €. No caso de incorporar tren a contía será de 100 € ou de 50 € segundo se trate de traxectos de longo percorrido ou non.

Para os efectos destes programas son traxectos de longo recorrido en tren aqueles que se realizan en dúas paradas, unha delas en tren de alta velocidade.

2. A cantidade pendente para completar o pago total da praza, de ser o caso, aboarase directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente.

3. En caso de que o/a solicitante decida renunciar á praza adxudicada poderá facelo e terá dereito a que se lle libere a retención en garantía, que verá reflectida na súa tarxeta de crédito. Para que poida ser afectivo o dereito a esta devolución, a renuncia terá que facerse cun mínimo de 15 días naturais de antelación á data de inicio do seu programa subvencionado. A renuncia tramitarase de xeito telemático a través da plataforma informática.

No caso de que a renuncia implique unha modificación de datas para a realización do programa, só se permitirá unha única modificación de datas. De producirse unha segunda renuncia a este período alternativo non existirá posibilidade de devolución do importe de reserva.

4. As persoas usuarias poderán solicitar unha habitación individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán aboados exclusivamente pola persoa que os solicite.

Décimo primeira. Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible.

1. As solicitudes poderán presentarse dende a data e hora que se dispoña por decreto da Presidencia da Deputación, e sempre que se teña autorizado a apertura dos balnearios, e estes estean en condición de fixar a data de inicio deste programa, e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, sempre dentro dos períodos ofertados durante o exercicio 2020. A referida data e hora de inicio de presentación de solicitudes será publicada na dirección electrónica <http://termalismo.depourense.es>.

2. As solicitudes deberanse tramitarse telematicamente, a través da dirección electrónica <http://termalismo.depourense.es>, rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense.

3. Para a tramitación e presentación da solicitude, os/as interesados/as seguirán o seguinte procedemento:

a) Os/as solicitantes, ou os/as seus/súas representantes, formularán a solicitude telematicamente empregando un sistema de identificación electrónica consistente no emprego de claves concertadas nun rexistro previo, establecido pola Presidencia conforme ao disposto no artigo 4.1 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais en

relación cos artigos 10.2.c) e 9.2.c) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A tal efecto, tras a comunicación no proceso de rexistro como usuario/a de información de identificación persoal do/a interesado/a que poida ser obxecto de comprobación pola Deputación, a plataforma facilitará a persoa interesada a súa clave de identificación, coa que realizará a solicitude.

b) Obtida a clave de identificación, e mediante o seu uso, o/a solicitante realizará directamente a reserva para o programa e as datas que desexe, utilizando o modelo normalizado establecido para o efecto. Este proceso tramitarase en liña a través da plataforma informática. Simultaneamente, e antes de completar o proceso, a plataforma facilitará, a través dunha pasarela de pagos, a realización da retención en garantía prevista na base décimo primeira.

A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista no presente apartado, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que a dita deficiencia sexa emendada.

Xunto coa solicitude, será necesario achegar a documentación que se indica, salvo que se autorice expresamente á Deputación de Ourense a realizar a consultar a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas e acordo co establecido no artigo 28.2 e 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo os datos obxecto de consulta os seguintes:

- 1) A identidade e data de nacemento da persoa física solicitante, a través do seu DNI ou NIE.
- 2) O municipio de empadramento do solicitante.

Non obstante o anterior, o interesado, en todo caso, deberá achegar coa solicitude a documentación que se indica:

- 3) Certificado emitido pola empresa/organismo/entidade ou administración que acredite a pertenza da persoa solicitante a algún colectivo dos previstos na base sétima apartado b) destas bases reguladoras.

No suposto en que non sexa tecnicamente posible que a Deputación efectúe a consulta dos seus datos, a Deputación poderá requirir a persoa interesada para que achegue a documentación necesaria.

4. Concluído o proceso de solicitude, a súa presentación en Rexistro Xeral realizarase a través da plataforma, ben automaticamente ou ben, de non ser isto posible, polos/as empregados/as públicos/as da Área de Benestar.

5. No caso de solicitude formuladas por entidades beneficiarias adheridas, estas se tramitarán conforme ao especificado no acordo de adhesión.

6. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, a persoas interesadas poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Décimo segunda- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose as subvencións conforme co sinalado nesta base, en función da dispoñibilidade de prazas existentes en cada momento, determinada polo crédito orzamentario dispoñible.

As subvencións adxudicaranse, seguindo a orde de prelación establecida pola data e hora de presentación da solicitude beneficiaria da subvención. Este código data/hora será xerado de forma automática pola plataforma informática por cada solicitude que se presente.

A información sobre o número de prazas dispoñibles en cada momento será pública e accesible de xeito permanente a través da plataforma informática.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada venres (semanalmente) e referirase a todas as solicitudes presentadas entre 00.01 horas do venres anterior ao da valoración ata as 23:59 horas do xoves previo ao venres de valoración. O sistema determinará a cualificación como “conforme con subvención Deputación”, ou “excluída”, en atención a que cumpran cos requisitos de acceso esixible para cada Programa ou non, e da existencia de crédito orzamentario dispoñible.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión nesa semana, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 45.2.b) da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, as persoas interesadas poderán dirixirse en todo momento á Área de Benestar da Deputación Provincial que facilitará a información precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Décimo terceira- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a

información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

Os datos serán cedidos aos establecementos balnearios (encargados do tratamento) nos que se realicen as reservas e co obxecto de tramitar os servicios solicitados por parte dos usuarios, conforme ao previsto nesta bases.

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de concesión.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Décimo cuarta.- Normativa de aplicación.

No non disposto nas presentes bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

ANEXO I

BALNEARIO	PROGRAMA	PREZO FINAL LOGO DE APLICARÁSELLE A SUBVENCIÓN.	
		Solicitante empadroado na provincia de Ourense	Solicitante Non empadroado na provincia de Ourense
BALNEARIO ARNOIA CALDARIA	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida	230 €	270 €
	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida + menor 12 años	377 €	417 €
	Estancia Balnearia 6 días Habitación individual (supl. 110€)	340 €	380 €
BALNEARIO LAIAS CALDARIA	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida	230 €	270 €
	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida + menor 12 años	377 €	417 €
	Estancia Balnearia 6 días Habitación individual (supl. 110€)	340 €	380 €
BALNEARIO LOBIOS CALDARIA	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida	230 €	270 €
	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida + menor 12 años	377 €	417 €
	Estancia Balnearia 6 días Habitación individual (supl. 110€)	340 €	380 €
BALNEARIO HOTEL BAÑOS DE MOLGAS	Estancia Balnearia 6 días. Habitación dobre compartida	213 €	253 €
	Estancia Balnearia 6 días Habitación individual (supl. 50 €)	263 €	303 €
	Tratamento Balneario 35 Técnicas Termiais	120 €	120 €
GRAN BALNEARIO DE CARBALLIÑO	Estancia Balnearia. Habitación dobre compartida	174 €	214 €
	Estancia Balnearia. Habitación individual (supl. 50 €)	224 €	264 €
	Tratamento Balneario 35 Técnicas Termiais	185 €	185 €
	Tratamento Balneario 20 Técnicas Termiais	120 €	120 €
	Tratamento Balneario 10 Técnicas Termiais	75 €	75 €
BALNEARIO DE CALDAS DE PARTOVIA	Tratamento Balneario 35 Técnicas Termiais	185 €	185 €
	Tratamento Balneario 20 Técnicas Termiais	120 €	120 €
	Tratamento Balneario 10 Técnicas Termiais	75 €	75 €
BALNEARIO DE CORTEGADA	Tratamento Balneario 35 Técnicas Termiais	200 €	200 €
	Tratamento Balneario 20 Técnicas Termiais	140 €	140 €
	Tratamento Balneario 10 Técnicas Termiais	90 €	90 €

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN BENOURENSE COMERCIOU.- A situación provocada pola crise

sanitaria derivada do COVID-19 está a xerar situacións de emerxencia económica ás que a administracións públicas teñen que dar resposta para garantir a todas as persoas a súa subsistencia básica e a cobertura das súas necesidades máis inmediatas na extraordinaria situación extraordinaria que estamos a vivir.

Neste senso, mediante resolución da Presidencia nº 2020/2813 de 17 de abril de 2020, e ao abeiro do procedemento excepcional previsto no artigo 20 do Real Decreto Lei 11/2020 de 11 de marzo, aprobouse a modificación orzamentaria nº 2/2020, na que, entre outras previsións, inclúese un crédito extraordinario na aplicación 23111 48002, dotado con 450.000 € (catrocentos cincuenta mil euros) para un programa de subvencións de emerxencia social a persoas residentes en municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia que se atopen en situación vulnerable durante o estado de alarma, consistente na entrega dunha tarxeta para realización de gastos en comercios de proximidade. O obxecto do programa é facilitar a estas persoas unha axuda conxuntural, complementaria e compatible coas que poidan establecer outras administracións públicas, para a atención dos gastos inmediatos, urxentes, inesperados ou necesarios que xorden ou se acentúan pola situación extraordinaria que estamos a pasar.

A dita modificación orzamentaria é xa executiva no momento actual, sen prexuízo da súa convalidación polo Pleno da Corporación na vindeira sesión que este celebre.

Co fin de simplificar a tramitación destas subvencións, e ao mesmo tempo garantir o necesario control do cumprimento dos requisitos para o seu acceso, elaborouse unha proposta de bases reguladoras dende a Área de Benestar, co apoio da Secretaría Xeral da Deputación, baixo os seguintes criterios:

a) As subvencións tramitaranse mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, outorgándose a mesma contía (300 euros para un período de tres meses) a tódalas persoas que se atopen na situación de vulnerabilidade que da dereito á axudas, por rigorosa orde cronolóxica de presentación das solicitudes e a medida que estas se vaian recibindo e comprobando, automatizándose o procedemento na medida do posible para a súa máxima axilización.

b) A solicitude das subvencións realizarse obrigatoriamente a través dos servizos sociais municipais dependentes dos concellos ou mancomunidades, de menos de 20.000 habitantes. Deste xeito, se facilita tanto a súa presentación telemática polos propios servizos municipais como a axilidade na tramitación, dado que os propios servizos sociais (que son os

que están en contacto directo coas persoas e teñen o coñecemento e a capacidade profesional para cualificar as situacións como de emerxencia) remitirán xa informada a dita solicitude.

c) A subvención non se transfere en metálico, senón mediante a entrega dunha tarxeta emitida pola entidade financeira Abanca, habilitada exclusivamente para o pago en sistemas TPV, o que permite garantir que o destino final das subvencións sexa a realización de gastos en establecementos comerciais de carácter local, abrangendo todos os sectores (técnico, calzado, alimentación, farmacia...).

A competencia para a aprobación das bases reguladoras e convocatoria das subvencións corresponde á Xunta de Goberno, conforme ao disposto no artigo 2 da vixente Ordenanza provincial reguladora das subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente, de conformidade coa proposta favorable da Presidencia e previa a fiscalización favorable da Intervención, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar as bases reguladoras do Programa BenOurense ComerciOu, de subvencións de emerxencia social polo Covid 19, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto do Programa BenOurense ComerciOu de subvencións de emerxencia social polo COVID 19

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, de subvencións a persoas físicas que estean en situación de vulnerabilidade social ou económica sobrevida ou acentuada como consecuencia da pandemia do COVID-19 e precisen atender as súas necesidades máis básicas e inmediatas.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Segunda.- Beneficiarias do Programa

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas ás persoas físicas que cumpran os seguinte requisitos:

A) Ter cumpridos 18 anos de idade no momento de presentar a súa solicitude.

B) Ter dificultade para atender economicamente as súas necesidades básicas.

Entenderase que se atopan nesta situación aquelas persoas que durante o mes anterior ao da solicitude non tiveron ingresos suficientes para atender as necesidades para as que agora precisan esta axuda, ou aquelas persoas que están nesta situación como consecuencia do estado de alarma declarado polo Goberno da Nación ante a crise sanitaria pola pandemia do COVID 19.

A concorrencia desta situación económica de emerxencia será apreciada polos servizos sociais municipais dependentes do concello ou mancomunidade competente no municipio de residencia do solicitante. Nos casos nos que, de xeito motivado se estime necesario, a administración provincial poderá pedir os informes aclaratorios e complementarios onde se acredite esta cualificación.

C) Que ningunha persoa integrante da unidade de convivencia da que forma parte a persoa solicitante tramitase outra axuda ao abeiro desta convocatoria.

D) Figurar empadroada nalgún municipio de menos de 20.000 habitantes da provincia de Ourense á data da solicitude da subvención, cunha antigüidade no empadramento na provincia de Ourense de polo menos, os 6 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

Non obstante o anterior, non se esixirá o requisito de empadramento ás persoas vítimas de violencia de xénero.

2. Para os efectos da acreditación dos requisitos recollidos nos apartados B) e C) anteriores, os servizos sociais municipais, dependentes do concello ou mancomunidade correspondente ao municipio do solicitante, deberán emitir un informe de emerxencia social no que quede xustificada a concorrencia das seguintes circunstancias:

a) Que ningunha persoa integrante da unidade de convivencia da que forma parte a persoa solicitante tramitou outra axuda ao abeiro desta convocatoria.

b) Que a persoa solicitante está nalgunha das situacións de emerxencia seguintes:

b.1) Pertence a algún colectivo de vulnerabilidade estrutural.

b.2) Pertence a un colectivo de vulnerabilidade conxuntural por causa do COVID -19.

b.3) Pertence a un colectivo de vulnerabilidade conxuntural por outras causas (situación de perda transitoria de emprego, situacións de forza maior.)

Terceira. Disponibilidade orzamentaria.

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48002 ata un máximo de 450.000,00 € (catrocentos cincuenta mil euros).

Cuarta.- Contía da subvención

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será de 100 euros mensuais durante un tempo máximo de 3 meses, cun total de 300 euros.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

1. As solicitudes deberanse presentar a través dos servizos sociais dos concellos ou mancomunidades correspondentes ao municipio de empadramento da persoa solicitante.

Para estes efectos, as persoas interesadas deberán comparecer nas oficinas dos servizos sociais municipais ou mancomunados do seu municipio de residencia, onde formularán a súa solicitude, autorizando aos empregados públicos municipais para a súa presentación e tramitación telemática ante a Deputación Provincial.

Sen prexuízo do anterior, os servizos sociais municipais ou mancomunados poderán, se o consideran oportuno, habilitar canles de comunicación cos interesados (mediante teléfono, correo electrónico ou visita aos seus domicilios ou calquera outro que se estime viable) alternativas ao seu desprazamento ás oficinas municipais para que os interesados poidan comunicar a súa vontade de solicitar a subvención e facultar aos empregados públicos dos servizos sociais para a súa tramitación no seu nome. En todo caso, os servizos municipais aseguraranse, polos medios que estimen suficientes, da identidade do solicitante, da súa situación e da súa vontade de solicitar a subvención.

A presentación realizarase polos empregados dos servizos sociais municipais ou mancomunados de forma telemática ante o Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos por parte dos empregados municipais, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

2. O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación destas bases xunto co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de

novembro de 2020.

3. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se porá a disposición dos servizos sociais municipais por parte da Deputación de Ourense, no que se incluíra unha declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A esta solicitude unirase o informe social emitido polos servizos sociais municipais ao que se refire a base 2ª, apartado 2.

Unha vez presentada a solicitude, os servizos sociais municipais remitirán por calquera medio copia aos solicitantes da dita solicitude.

4. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, a Deputación comprobará de oficio, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, os datos de identidade e residencia dos solicitantes, agás que estes se opoñan expresamente nas súas solicitudes. Neste último caso, os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación adicional:

a) Copia do seu DNI ou documento identificativo.

b) Copia(s) do(s) certificado(s) de empadramento do/a solicitante onde quede constancia do seu empadramento nalgún municipio da provincia de Ourense nos últimos seis meses inmediatamente anteriores a data de presentación da solicitude, só no caso de non autorizar á Deputación a realizar a consulta.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación de oficio dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada o expediente electrónico da solicitude.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas e os empregados dos servizos sociais municipais ou mancomunados poderán dirixirse á Area de Benestar da Deputación Provincial que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión das solicitudes e concesión de subvencións.

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose as subvencións conforme ao previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase, como máximo, cada semana e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01h do venres anterior ao da valoración ata as 23:59 horas do xoves previo ao venres de valoración, salvo daquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirirlle a persoa solicitante a presentación dalgunha documentación complementaria. O sistema determinará a cualificación como “conforme con axuda ” ou “excluída”, en atención a que se cumpran ou non os requisitos de acceso esixibles conforme a estas bases. Logo da comprobación conforme das características de acceso incluíranse na resolución semanal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión conforme nesa semana, e que será obxecto de aprobación mediante resolución da Presidencia. Paralelamente remitirase á entidade financeira colaboradora unha lista ordenada de solicitudes concedidas para que procedan a emitir e remitir as tarxetas electrónicas.

A resolución non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, e con fin de protexer a intimidade das persoas solicitantes, a publicación identificará as solicitudes exclusivamente polo número de rexistro de entrada na Deputación das ditas solicitudes.

A denegación das solicitudes efectuarase por resolución da Presidencia, que será notificada mediante publicación na sede electrónica da Deputación, nos mesmos termos que a lista de solicitudes concedidas.

A concesión e denegación de solicitudes en cada período semanal poderá agruparse nunha única resolución.

Sétima.- Tarxeta Electrónica da Deputación.

A Deputación remitirá á entidade financeira Abanca o nome, apelido e número de teléfono móbil das persoas que resulten beneficiarias da subvención, para a emisión da tarxeta electrónica ComerciOu. Esta tarxeta será remitida ao domicilio indicado polo interesado.

O funcionamento da tarxeta é o que segue:

A persoa beneficiaria deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e só poderá usala para realizar compras ou pagos no comercio local da provincia de Ourense. Non poderá utilizarse para a realización de compras on line, nin para a obtención de efectivo en caixeiros automáticos nin nas oficinas da entidade financeira.

Mensualmente e ata finalizar o tempo máximo polo que foi concedida, a tarxeta recibirá unha transferencia de 100 €.

O usuario poderá utilizar discrecionalmente o saldo da tarxeta para compras o comercio local durante todo o período de vixencia da dita tarxeta (ata o 31 de marzo de 2021) manténdose o saldo non utilizado de cada mes vencido dispoñible para a súa utilización en calquera momento posterior dentro do dito período.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o 31 de marzo do ano 2021.

Oitava.- Xustificación da subvención.

En atención ó previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante da circunstancia acreditada de emerxencia económica, non se requirirá outra xustificación que a comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da subvención, realizada polos servizos sociais do concello onde consta empadroada da persoa solicitante e que constará no informe social emitido.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, de xeito motivado, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nesta bases serán automaticamente reintegradas á Deputación de Ourense, sen que se poda derivar ningún dereito para aquela persoa beneficiaria que non tivera feito uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

Novena.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo

Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración pública.

Décimo. - Normativa Supletoria.

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Décimo primeira.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- . En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o

cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas ComerciOu. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.natalidade.depourense.es. As publicacións referidas manterase durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que constan no expediente atoparase a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva, salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil, que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora Abanca para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, podendo tratar estes datos para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Para estes efectos, a entidade Abanca terá a consideración de encargado do tratamento,

coas obrigas derivadas da lexislación vixente en materia de protección de datos.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais

requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

1) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

2º) Ordenar a convocatoria inmediata das ditas subvencións, mediante anuncios na sede electrónica da Deputación e, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

4.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.-

A Área de Benestar, con data 20 de abril de 2020, emitiu un informe en relación coas solicitudes conformes presentadas á convocatoria de subvencións para proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU, financiado polo programa operativo de emprego xuvenil do fondo social europeo (axudas EMP-POEJ) (BOP n.º 121, do mércores día 29 de maio de 2019).

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Concederlle, ao abeiro da convocatoria de subvencións para proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU, financiado polo programa operativo de emprego xuvenil do fondo social europeo (BOP n.º 121, do día 29 de maio de 2019), a subvención ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	JOSÉ MANUEL PITA RODRIGUEZ	***3035**	CUALEDRO	EXPLOTACIÓN INTENSIVA GANDO BOVINO DE CEBO	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
2	FÁTIMA GIL ALVAREZ	***3080**	XINZO DE LIMIA	SERVIZO SALÓN DE PEITEADO SEÑORAS E CABALEIROS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
3	ALBA SALGADO GARRIDO	***6209**	BAÑOS DE MOLGAS	SERVIZO SALÓN DE PEITEADO SEÑORAS E CABALEIROS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

5.- INCORPORACIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2020 DA OBRA “REPOSICIÓN DE ACCESOS Á EDIFICACIÓN Nº 8 DA RÚA DO FONSIILLÓN” NO TERMO MUNICIPAL DE OURENSE.-

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión do día 31 de xaneiro de 2020, acordou a aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020.

O Concello de Ourense presentou un escrito solicitando a incorporación ao dito plan, aos exclusivos efectos de obter a declaración de utilidade pública, da obra denominada “reposición de accesos á edificación nº 8 da rúa do Fonsillón”.

O Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio presentou un informe favorable no que atinxe á referida modificación, tendo en conta o disposto nas bases 2ª e 8ª relativas, respectivamente, á incorporación de obras ao plan adicional para os efectos de obter a declaración de utilidade pública e ás modificacións en obras municipais a tramitar con posterioridade á aprobación definitiva.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1. Acordar a incorporación ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública, da obra denominada “reposición de accesos á edificación nº 8 da rúa Fonsillón”, termo municipal de Ourense, co número 212/POS/2020, cun orzamento de 11.500,00 € financiados integramente con cargo ás arcas municipais.

6.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2020, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS 23/POS/2020, DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO.-

Con data 20 de abril de 2020, o Concello de Castrelo de Miño solicitou a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020 no relativo á obra nº 23/POS/2020, no sentido de modificar o financiamento da obra inicialmente prevista (“Mellora no sistema de depuración en As Cortiñas e Ramirás” cun importe de 48.000,00 € con cargo ao orzamento provincial) que pasa a ter importe total de 55.000,00 € (48.000,00 € con cargo ao plan provincial e 7.000,00 € de

achega municipal).

Consta no expediente informe favorable á solicitude emitido con data 21 de abril de 2020 polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, ao ser esta conforme co disposto na base 4ª das de execución do Plan.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020 no relativo á obra nº 23/POS/2020, a instancia do Concello de Castrelo de Miño, no sentido de substituír o financiamento da obra inicialmente prevista (“Mellora no sistema de depuración en As Cortiñas e Ramirás” cun importe de 48.000,00 € con cargo ao orzamento provincial) que pasa a ter importe total de 55.000,00 € (48.000,00 € con cargo ao plan provincial e 7.000,00 € de achega municipal).

7.- SUBVENCIÓN DIRECTA POR RAZÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL.
ENTIDADE COLABORADORA: CONCELLO DE ENTRIMO. BENEFICIARIO
FINAL: FRANCISCO RODRÍGUEZ LÓPEZ E CONSUELO DE LURDES FARINO
VARGAS.-

Con datas 27.02.2020 e 20.04.2020, recíbese nesta Deputación solicitude de subvención de emerxencia social do Concello de Entrimo, coa finalidade de cofinanciar os gastos de reconstrución dunha vivenda incendiada emprazada no Lugar de Asperelo (Entrimo), e propiedade de Francisco Rodríguez López e Consuelo de Lurdes Farino Vargas.

Á dita solicitude acompaña como documentación máis relevante o informe dos servizos sociais comunitarios do concello de Entrimo, informe urbanístico das obras, e orzamento de execución material das mesmas, por importe de 13.250,00 €.

De conformidade co artigo 11 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015), que desenvolve o previsto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, a concesión directa de subvencións que non teñan carácter nominativo só procederá cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que impidan a súa convocatoria pública ou a súa concesión como nominativas. Nestes supostos prevese que o procedemento de concesión se iniciará de oficio, trala previa constatación da concorrencia das circunstancias habilitantes da concesión directa, correspondéndolle á Presidencia a providencia de inicio do expediente.

En consecuencia, o inicio do procedemento esixe constatar que concorre causa xustificada que impida tanto a convocatoria pública da subvención como a súa tramitación como nominativa, aspectos que deben comprobarase pola Presidencia para a incoación do expediente. No caso de non apreciarse ditas circunstancias, a solicitude terá o tratamento dunha solicitude no exercicio do dereito de petición previsto no artigo 29 da Constitución.

No caso que nos ocupa resultan acreditadas as razóns de interese público e humanitario que posibilitarían a concesión directa da subvención (informe dos servizos sociais comunitarios do concello e solicitude da alcaldía). Ademais, non consta que no momento actual exista convocatoria pública de subvencións ningunha á que se puidese acoller a presente solicitude, polo que o único procedemento alternativo posible sería a concesión da subvención como nominativa, para o que debería estar prevista no Orzamento corrente –que non é o caso- ou tramitar a preceptiva modificación do Orzamento, tramitación que por razóns dos prazos legais (que inclúen acordo plenario e información pública por un prazo de quince días hábiles) resulta incompatible coa actuación urxente que precisa esta situación de risco.

A urxencia desta situación ben dada por dous motivos:

- Pola propia urxencia de acometer os traballos de reconstrución da vivenda.
- Pola incapacidade económica dos propietarios do inmovible, todo elo acreditado na solicitude formulada pola alcaldía do concello e no informe social incorporado ao expediente.

Polo exposto, considérase acreditada a concorrencia de razóns de interese público que, no momento actual, impiden a concesión da subvención mediante procedementos de convocatoria pública ou como subvención nominativa, procedendo á iniciación do procedemento.

Unha vez fiscalizada en sentido favorable a concesión da subvención pola Intervención provincial, considérase procedente elevar de xeito simultáneo proposta de resolución á Xunta de Goberno, co fin de axilizar a resolución do procedemento.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Conceder unha subvención directa, por razóns de interese público que se consideran suficientemente acreditadas no expediente, nos seguintes termos e condicións:

- Beneficiario final: Francisco Rodríguez López e Consuelo de Lurdes Farino Vargas.
- Entidade colaboradora: Concello de Entrimo.
- Importe: Tres mil euros (3000,00 €).

- Obxecto: Reconstrución de vivenda emprazada no Lugar de Asperelo (Entrimo).

- A presente subvención quedará condicionada á:

* a Entidade Colaboradora actúa en nome e por conta da Deputación Provincial de Ourense, aos efectos relacionados coa presente subvención, entregando e distribuindo os fondos públicos ao beneficiario final, e non considerándose estes fondos integrantes do seu patrimonio municipal.

* o alcance da colaboración e concreción das garantías e dereitos rexerese, no que non este previsto no presente acordo e sempre que sexa aplicable pola Lei 38/2003, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015). Neste sentido, e dada a condición de Administración Pública do Concello de Entrimo, queda exonerado da constitución de garantías consonte ao sinalado no artigo 42 do RD 887/2006.

*o beneficiario será o encargado de obter todas as autorizacións e permisos necesarios, asumindo a responsabilidade en exclusiva de estes feitos.

* o concello, na súa condición de entidade colaboradora, queda obrigado respecto da Deputación Provincial a xustificar a entrega dos fondos percibidos e demais obrigas sinaladas no artigo 15 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e artigos 18 a 29 do Real decreto 887/2006 que a desenvolve.

*a xustificación da subvención deberá presentarse antes do 30.09.2020 pola entidade colaboradora. A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello (entidade colaboradora), no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

a) Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

b) Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto/actividade que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto/actividade inicial.

c) Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.

d) Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

e) Relación das subvencións concedidas á beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Sen prexuízo do anterior e atendida a situación económica do beneficiario, a Deputación poderá librar un anticipo de ata o 100 % da subvención, a solicitude do Concello como entidade colaboradora, e sen necesidade de constituír ningún tipo de garantía, sempre que o concello non teña débedas coa Deputación por importe superior ao 2 % dos recursos ordinarios do derradeiro exercicio municipal liquidado. A tal efecto e coa solicitude do anticipo, o concello deberá presentar certificación na que conste o importe dos recursos ordinarios do derradeiro exercicio liquidado. No caso de que a débeda do concello coa Deputación supere a indicada porcentaxe do 2 % o libramento do anticipo quedará condicionado á constitución de garantía na forma prevista no artigo 16.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

- Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manifieste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CORTEGADA PARA COFINACIAMENTO DO PROXECTO DE APARCAMENTO NO PARQUE EMPRESARIAL: “INFRAESTRUTURA VIARIA NO PARQUE EMPRESARIAL DE CORTEGADA – POLÍGONO 1”.-

No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 30.000,00 euros a favor do Concello de Cortegada, para *cofinanciamento do proxecto de aparcamento no parque empresarial*.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención ao Concello de Cortegada nos seguintes termos:

- **Importe:** 30.000,00 euros.

- **Obxecto:** cofinanciamento do proxecto de aparcamento no parque empresarial: “Infraestrutura viaria no parque empresarial de Cortegada – Polígono 1”.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, (150.000,00 euros) indicando, en

caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 1 de setembro de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manifieste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa. Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE ESGOS PARA ADQUISICIÓN DE INMOBLE PARA USO MUNICIPAL, SITUADO NO LUGAR DE REGUEIRO, S/N, PARROQUIA DE SANTA OLAIA DE ESGOS.-

No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 14.000,00 euros a favor do Concello de Esgos, para *adquisición de inmovible uso municipal*.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de **execución dos orzamentos.**

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención ao Concello de Esgos nos seguintes termos:

- **Importe:** 14.000,00 euros.

- **Obxecto:** adquisición de inmovible para uso municipal, sito no lugar de Regueiro, s/n, parroquia de Santa Olaia de Esgos.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe da compra do inmovible obxecto da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 1 de setembro de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- **Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manifieste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a

finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS PARA ABASTECIMIENTO E PAVIMENTACIÓN EN SANTIAGO.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2019, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 100.000,00 euros a favor do Concello do Barco de Valdeorras, para *abastecemento e pavimentación en Santiago*.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención ao Concello do Barco de Valdeorras nos seguintes termos e condicións:

Importe: 100.000,00 euros.

Obxecto: abastecemento e pavimentación en Santiago.

Execución da actuación subvencionada: conforme se comunicou ao beneficiario na providencia de incoación do expediente, e por razóns de eficiencia, axilidade e simplificación na xestión da subvención, a contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación.

A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e, de ser o caso, da coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a

administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controla a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarase ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

11.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Tras a previa declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, adoptáronse os seguintes acordos:

11.1.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE VÍDEOS “QUEDA NA CASA”.-

Desde a Deputación de Ourense preténdese fomentar o aproveitamento do tempo libre motivado polo confinamento nos nosos domicilios con actividades lúdicas e culturais, o mesmo tempo que se fomenta a creatividade entre os nosos veciños e veciñas, co obxectivo principal de que permanecendo na casa, evitamos a propagación do Covid-19.

Así, a Deputación de Ourense en colaboración co Ourense Film Festival (OUFF) lanza o Concurso de vídeos domésticos “Queda na casa” para aproveitar a limitación de mobilidade imposta polo estado de alarma decretado como consecuencia da pandemia do COVID-19, e coa finalidade de ampliar a campaña de concienciación que esta institución puxo en marcha, coa colaboración solidaria de destacados persoeiros da nosa terra.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aprobar as bases do concurso de vídeos domésticos “Queda na casa” co seguinte contido:

1. Obxecto.

O obxecto destas bases é a regulación e convocatoria do concurso de vídeos “Queda na casa”, dirixido aos/ás ourensáns, na súa máxima amplitude, que residan en calquera lugar dentro da provincia ou no caso de residir fóra, que acrediten a súa orixe ourensá.

Trátase de que as persoas participantes elaboren un pequeno vídeo artístico e caseiro, na categoría ou categorías que consideren.

O vídeo terá una duración máxima de cinco (5) minutos e deberá estar realizado cos medios cos que se dispoña no domicilio. Por esta mesma limitación o xurado primará a idea orixinal e a creatividade por enriba da calidade técnica. Os vídeos totalmente editados, deberán enviarse por WhatsApp ao número 675921005 e ao correo electrónico cultura@depourense.es. Cada concursante debe engadir os seus datos persoais (nome, DNI, enderezo, número de teléfono e correo electrónico).

O prazo de presentación de solicitudes de participación (apertura e peche) publicarase na web provincial www.depourense.es, e irá vinculado á situación de confinamento decretada polo estado de alarma.

2. Categorías.

Establécense tres categorías: humor, música e contido libre.

a) Na categoría de humor entrarán os monólogos, chistes, imitacións ou calquera outra manifestación artística relacionada con este apartado.

b) Na categoría de música entrarán as interpretacións, tanto vocais como instrumentais, cun especial protagonismo para aquelas que se realicen en balcóns ou terrazas, que tanto teñen sorprendido nos tempos actuais.

c) Na categoría de contido libre entrarán todos aqueles vídeos de temáticas diferentes ás mencionadas con anterioridade.

Cada concursante pode elixir unha ou varias modalidades nas que participar. Tampouco se limita o número de vídeos que pode presentar.

3. Xurado.

A Deputación nomeará e publicará a composición do xurado, que será o responsable de analizar cada un dos vídeos e establecer as persoas gañadoras de cada categoría.

4. Resolución.

Trala proposta do xurado, a Deputación nomeará ás persoas gañadores en cada categoría.

Cada gañador ou gañadora por categoría recibirá un trofeo e un diploma acreditativo, e un premio especial consistente na emisión do vídeo durante a 25ª edición do OUFF, tendo a persoa gañadora a consideración de convidado especial no referido festival de cine. Ademais a Deputación outorgará un premio económico de 250,00 € á entidade benéfica que elixa a persoa gañadora.

Todas as comunicacións relativas a este concurso realizaranse de xeito exclusivo a

través da páxina web da Deputación Provincial www.depourense.es.

4. Réxime de protección dos datos persoais.

O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679, sí como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente ás finalidades previstas nas presentes bases.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento ou de acordo co previsto na lexislación antedita.

Poderá exercer os deus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu Delegado de Protección de Datos, no correo electrónico dpd@depourense.es. En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

11.2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE COCIÑA “QUEDA NA CASA”.-

Desde a Deputación de Ourense preténdese fomentar o aproveitamento do tempo libre motivado polo confinamento nos nosos domicilios con actividades lúdicas e culturais, o mesmo tempo que se fomenta a creatividade entre os nosos veciños e veciñas, co obxectivo principal d e que permanecendo na casa, evitamos a propagación do Covid-19.

A Deputación de Ourense en colaboración co grupo de profesionais “Cociña Ourense”, lanza o Concurso de receitas de cociña “Queda na casa”, para aproveitar a limitación de mobilidade imposta polo estado de alarma decretado como consecuencia da

pandemia do COVID-19, e coa finalidade de ampliar a campaña de concienciación que esta institución puxo en marcha, coa colaboración solidaria de destacados persoeiros da nosa terra.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aprobar as bases do concurso de receitas de cociña “Queda na casa” co seguinte contido:

1. Obxecto.

O obxecto destas bases é a regulación e convocatoria do concurso de receitas de cociña “Queda na casa”, dirixido aos/ás ourensáns, na súa máxima amplitude, que residan en calquera lugar dentro da provincia ou no caso de residir fóra, que acrediten a súa orixe ourensá.

Establécense dúas categorías de participantes: para nenos e nenas que teñan cumprido os doce (12) anos (*Categoría Junior*), e outra, para persoas maiores de doce (12) anos e sen límite de idade (*Categoría Senior*).

Trátase de que as persoas participantes elaboren un pequeno vídeo caseiro resumindo a elaboración dunha receita de cociña, que eles consideren digna de difundir polas características da mesma, sinxeleza, sabor, presenza, innovación, etc...

Será condición primordial a promoción dos produtos propios de Ourense, polo que debe constar claramente cales se están empregando e en que porcentaxe forman parte da receita, para que o xurado o poda valorar.

O vídeo terá una duración máxima de cinco (5) minutos e deberá estar realizado cos medios cos que se dispoña no domicilio. O mesmo tempo débese de acompañar dun pequeno documento Word no que se explique detalladamente os ingredientes e a elaboración desa receita, e dúas fotografías, unha do conxunto dos ingredientes mediante un plano cenital e outra do resultado final do prato no que debe tamén apareza o autor/a do mesmo. Os vídeos totalmente editados, xunto coa receita escrita e as fotos, deberán enviarse por WhatsApp ao número 675921005 e ao correo electrónico cultura@depourense.es. Cada concursante debe engadir os seus datos persoais (nome, DNI, enderezo, número de teléfono e correo electrónico).

O prazo de presentación de solicitudes de participación (apertura e peche) publicarase na web provincial www.depourense.es, e irá vinculado á situación de confinamento decretada polo estado de alarma.

2. Modalidades.

Establécense tres modalidades: *petiscos, pratos principais e doces*. Cada concursante pode elixir unha ou varias modalidades nas que participar. Non se limita o número de receitas a presentar.

3. Xurado.

A Deputación nomeará e publicará a composición do xurado, cuxos membros pertencerán ao grupo Cociña Ourense, que será o responsable de analizar cada unha das receitas e establecer as gañadoras de cada modalidade.

4. Resolución.

Trala proposta do xurado, a Deputación nomeará ás persoas gañadores en cada modalidade e categoría.

Cada gañador ou gañadora da categoría *Senior* recibirá un trofeo e un diploma acreditativo, e un premio en especie consistente nunha fin de semana para dúas persoas nun balneario da provincia de Ourense. Ademais a Deputación outorgará un premio económico de 250,00 € á entidade benéfica que elixa a persoa gañadora.

Cada gañador ou gañadora da categoría *Junior* recibirá un trofeo e un diploma acreditativo, e un premio en especie consistente nunha *tablet*. Ademais a Deputación outorgará un premio económico de 250,00 € á entidade benéfica que elixa o neno ou nena gañadora.

Todas as comunicacións relativas a este concurso realizaranse de xeito exclusivo a través da páxina web da Deputación Provincial www.depourense.es.

A Deputación resérvase a posibilidade de facer unha publicación con todas as receitas recibidas deste concurso e de ser así, cada un dos participantes recibirá un exemplar da mesma, e autoriza coa súa participación, a utilización da Deputación dos materiais enviados (vídeo, documento word e fotografías) para esta finalidade.

4. Réxime de protección dos datos persoais.

O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente ás finalidades previstas nas presentes bases.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento ou de acordo co previsto na lexislación antedita.

Poderá exercer os deus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu Delegado de Protección de Datos, no correo electrónico dpd@depourense.es. En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

12.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e corenta e cinco minutos do referenciado día vinte e tres de abril do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.